



No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do concello de Samos, sendo as trece horas do día **TRES DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZAOTO**, baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións D. José Antonio García Jurjo segundo Decreto de Alcaldía nº 2018-0112 de data 30 de xullo, comparecen os Sres. concelleiros Dona Marisol Orille Díaz, D. Juan Luís López Díaz, D. José Manuel Campo López e D. José Antonio Real Vázquez, estando ausentes sen excusa previa os Sres. concelleiros Dona Maria del Carmen Abad Rodríguez, D. José Aurelio López López e D. Manuel López Armesto, asistidos pola secretaria municipal D^a. Ana Isabel Candame Areosa, que da fé do acto, co obxecto de celebrar sesión “ordinaria” do **PLENO** deste Concello en primeira convocatoria, previa á mesma.

Xa que asiste o quórum legal para a súa celebración, declarouse aberta a sesión pola presidencia en funcións e procedeuse a examinar os asuntos incluídos na orde do día, que se desenvolveron como se expresa a continuación:

1º.- A APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ANTERIOR LEVADA A CABO EN DATA 01/06/2018.

Ao abeiro do sinalado polo art. 91.1 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, por parte do Sr. alcalde en funcións pregúntase aos Sres. concelleiros asistentes se teñen que facer algunha observación ao borrador da acta da sesión anterior de data 01/06/2018, que lles foi entregado xunto coa orde do día. Non habendo observacións, queda aprobado nos termos nos que está redatado por unanimidade dos asistentes (cinco votos a favor), sendo nove o número legal de membros.

2º.- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.

Aos efectos de cumprir co sinalado no artigo 42 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, deuse conta dos Decretos de Alcaldía ditados dende o derradeiro Pleno coa súa posta a disposición aos Sres. concelleiros xunto coa restante documentación sometida a exame plenario (dende o nº 2018-0050 ata o nº 2018-0113).

O Pleno dáse por enterado.

3º.- DAR CONTA DA ACTUALIZACIÓN E DATOS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO E/OU ESTADOS FINANCEIROS INICIAIS DAS ENTIDADES QUE FORMAN PARTE DO SECTOR DAS AAPP DA CORPORACIÓN, CON MOTIVO DA RENDICIÓN DAS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2018.

Dáse conta ao Pleno Corporativo da actualización e datos de execución do presuposto e/ou estados financeiros iniciais das entidades que forman parte do sector das administracións públicas da corporación con motivo da rendición das obrigas trimestrais de subministro de información correspondente ao 2º trimestre do exercicio de 2018, e rendido pola Secretaría-Intervención en data 18/07/2018 a través da aplicación habilitada ao efecto na páxina da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais en cumprimento do art. 16 da Orde Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, na redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro.



O resgardo de envío así como a documentación rendida púxose a disposición dos Sres. concelleiros xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

Os Sres. concelleiros dánse por enterados.

4º.- DAR CONTA DO PMP CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2018.

Dáse conta ao Pleno Corporativo do periodo medio de pago correspondente ao 2º trimestre de 2018 e rendido pola Secretaría-Intervención en data 18/07/2018 a través da aplicación habilitada ao efecto na páxina da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais. A comunicación dos citados datos efectuouse en cumprimento do art. 4.1.b) da Orde Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, e de conformidade co establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do periodo medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de rendición de recursos dos réximes de financiación previstos na citada Lei Orgánica 2/2012.

A Secretaria-Interventora municipal da lectura ao Pleno do detalle do informe, que é:

Ratio operacións pagadas: 9,65
Importe pagos realizados: 135.965,78 €
Ratio operacións pendentes: 5,87
Importe pagos pendentes: 4.598,80 €
PMP: 9,53

PMP Global:
Importe pagos realizados: 135.965,78 €
Importe pagos pendentes: 4.598,80 €
PMP: 9,53

O resgardo de envío así como a documentación rendida púxose a disposición dos Sres. concelleiros.

Os Señores concelleiros dánse por enterados.

5º.- ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN COA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2017.

Visto que a Comisión Especial de Contas en sesión celebrada en data 11/06/2018 emitiu o seguinte ditame en relación coa Conta Xeral correspondente ao exercicio 2017, co teor literal seguinte:

“

Considerando que o obxecto da sesión é proceder ao examen da Conta Xeral do Orzamento desta Entidade, correspondente ao exercicio económico de 2017, en cumprimento do disposto no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 212 do Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.



Considerando que, formada e informada dita Conta Xeral pola Intervención Municipal, foron comprobados os documentos oportunos, así como toda a documentación anexa á mesma e esixida pola vixente lexislación, a Comisión Especial de Contas deste Concello, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes (tres votos a favor, sendo seis o número legal de membros) en votación ordinaria DITAMINA:

PRIMEIRO. *Informar favorablemente a Conta Xeral do Concello do exercicio 2017 e que está integrada polos seguintes documentos:*

- *O Balance.*
- *A Conta do resultado económico-patrimonial.*
- *O Estado de Cambios do Patrimonio Neto.*
- *O Estado de Fluxos de Efectivo (o estado de fluxos de efectivo non será un estado preceptivo para aquelas entidades que podan aplicar o modelo simplificado da instrución de contabilidade local, como é o caso deste concello)*
- *O Estado de Liquidación do Orzamento.*
- *A Memoria.*

Así como a seguinte documentación adxunta:

- *Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.*
- *Certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria, así como de Secretaría en relación ao saldo existente na Caixa da Corporación.*
- *Certificado de Secretaría de Conciliación das diferencias entre os saldos bancarios e os contables.*
- *Informe de Intervención.*

SEGUNDO. *Ordear que a referida Conta, así como o propio informe emitido por esta Comisión, sexan expostos ao público, por prazo de quince días, a fin de que durante dito prazo e oito máis, quenes se estimen interesados poidan presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións, teñan oportuno, os cáles, no caso de presentarse, haberán de ser examinados por esta Comisión, previa práctica de cantas comprobacións se estimen como necesarias, para a emisión de novo informe, que será elevado, xunto cos reparos, reclamacións ou observacións formulados, á consideración plenaria.”*

Visto que en cumprimento do ordeado pola Comisión Especial de Contas, se procedeu á exposición pública durante quince días e oito máis mediante anuncio inserto no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP nº 142 de data 22/06/2018 sen que se presentaran alegacións, tal e como se fai constar en Certificado de Secretaría.

Vista o expediente tramitado xunto con toda a documentación anexa á mesma, o Pleno Corporativo, órgano competente ao abeiro o artigos 22.2.e) e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 212 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 64.2.f) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia, en votación ordinaria, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes (cinco votos a favor) sendo nove o número legal de membros, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar a Conta Xeral do Concello de Samos correspondente ao exercicio económico 2017 nos termos e coa documentación que consta no expediente.



SEGUNDO: Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas do Estado, nos termos previstos na normativa aplicable.

6º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) RELATIVA Á PRAGA VEXETAL DA COMUNMENTE COÑECIDA COMO “VISPA DO CASTIÑEIRO”.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X. nº 2018-E-RC-1123 en data 30 de xullo para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O noso Concello ten decenas de hectáreas de soutos afectados pola *Dryocosmus kuriphilus*, comúnmente coñecida como “vispa do castiñeiro”. Segundo os biólogos somentes se pode controlar co seu depredador natural, un parásito chamado *Torynus sinensis*.

No noso territorio temos unas condicións especiais, que deberían servir para priorizarnos no atallo de dita Praga, pois, no Concello de Samos, a castaña ten unha importancia singular por diferentes motivos:

Os soutos supoñen un dos principais ingresos para boa parte da nosa veciñanza, que verán moi reducida a colleita durante estes anos e os posteriores, aparte de contar con una importante empresa transformadora de castañas, que, aínda que se asentou no veciño Concello de Sarria, ten as súas orixes no noso.

Contamos con castiñeiros centenarios que corren o grave risco de desaparecer se non se fai máis polo control de dita Praga, os cales deberían ter especial protección dada a importancia económica e biolóxica da zona e a historia da castaña como alimento en tempos moi difíciles.

Samos non pode agardar que chegue de forma natural o depredador da vispa polo que solicitamos todo-los medios dos que dispoña a Consellería.

Polo que propoño a Pleno o seguinte:

ACORDO

1º.- Que se traslade á Xunta de Galicia que poña máis énfase en atallar este problema, por tratarse da praga vexetal activa máis perigosa para o noso Concello e asimismo que a Consellería do Medio Rural, medie co Ministerio de Agricultura e poñan máis recursos para ampliar a solta de *Torynus* na nosa zona.



2º.- Que persoal de Seaga encargado das labores de campo , analicen o noso territorio, tendoo como prioritario por todo o arriba exposto. “

Rematada a lectura da moción ábrese a quenda das intervencións, producíndose as seguintes:

- SR. ALCALDE EN FUNCÍONS.- Estamos a favor da moción, pero propoñemos unha modificación, que quizás no punto 2º , en vez de poñer que sexa o persoal de Seaga, poñer que sexa o persoal de Seaga ou quen a Xunta considere conveniente.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Bueno... puxemos persoal de Seaga porque é quen normalmente o fai.

Polo que o Pleno Corporativo, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes (cinco votos a favor) sendo nove o número legal de membros, en votación ordinaria, **ACORDA:**

1º.- Que se traslade á Xunta de Galicia que poña mais énfase en atallar este problema, por tratarse da praga vexetal activa mais perigosa para o noso Concello e asimismo que a Consellería do Medio Rural , medie co Ministerio de Agricultura e poñan mais recursos para ampliar a solta de Tornyus na nosa zona.

2º.- Que persoal de Seaga encargado das labores de campo ou quen a Xunta considere conveniente, analicen o noso territorio, tendoo como prioritario por todo o arriba exposto.

7º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) PARA QUE SE REPAREN AS PISTAS DO APARCELAMENTO DE LOURIDO.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X. nº 2018-E-RC-1124 en data 30 de xullo para ser tratada polo Pleno Corporativo, e que a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As pistas do aparcelamento de Lourido presentan a maioría un estado lamentable , xa que somentes se arranxaron algunhas e , outras , están totalmente desfeitas , provocando as queixas de algúns veciños que por elas teñen que pasar diariamente.

Polo que , propoño ó Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

1º.- Que se reparen ditas pistas tapando os baches que nelas se formaron , pois non é de recibo que unhas se arranxen e outras non. “

Intervencións:



- SR. ALCALDE EN FUNCIONES.- Supoño que se arranxarán cando haxa medios, por agora non hai partida. Imos a votar en contra.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Non é lóxico arranxar unhas e outras non. Os veciños protestan...

Procédese a continuación coa votación ordinaria, arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: 1 (Grupo mixto)

Votos en contra: 4 (Grupo municipal socialista)

Abstencións: Ningunha

Sendo nove o número legal de membros, **polo que non se aproba a moción transcrita.**

8º.- ASUNTOS URXENTES.

Para dar cumprimento ao sinalado no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde da paso aos asuntos urxentes, sen que se plantexe algún.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. alcalde da por iniciada a quenda de **ROGOS**, cedendo a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura aos presentados en escrito con R.X. nº 2018-E-RC-1122 en data 30 de xullo, e que a continuación se transcriben:

“1º.- Que se adecente por medio de rozas o pobo de Teiguín e sobre todo o Camiño Vello , que está cheo de maleza , e , por estar en tempada estival , de estar axeitado , pode ser una opción para os que queiran ir á piscina dende a Vila de Samos.”

- SR. ALCALDE EN FUNCIONES.- Tan pronto como se poida se procederá coa roza.

Non producíndose máis rogos, inicia a quenda das PREGUNTAS, cedendo a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura ás presentadas en escrito con R.X. nº 2018-E-RC-1122 en data 30 de xullo, e que a continuación se transcriben:

“1.- Por qué non se encenden os focos que iluminan o Mosteiro , xa que levan meses apagados ? ”

- SR. ALCALDE EN FUNCIONES.- Foi por aforro económico porque consumen bastante. Deixamos os da Iglesia e apagamos os outros.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Poderían ponerse bombillas led para aforrar.

“2.- Por qué non se publican as prazas da brigada de incendios no apartado de emprego da páxina web do Concello ? ” (Tras rematar a lectura da pregunta o Sr. Real manifesta que xa sabe que se publican no taboleiro de anuncios da sede electrónica)



- SR. ALCALDE EN FUNCIONES.- Para o persoal do concello resulta máis rápido e operativo publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica, ademáis xa figura así nas bases e no anuncio do BOP da convocatoria.

- SR. REAL.- E que hai xente que o comenta porque estaban acostumbrados a que se publicara na páxina web.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. presidente en funcións dáse por rematado o acto, sendo as trece horas e vinte minutos do expresado día, levantándose a presente acta da que eu como secretaria DOU FE.

O presidente en funcións,

A secretaria,

BORRADOR